

PASAPORTE DE ACOLLIDA

OBXECTIVOS

- Recoñecer o pasaporte e outros documentos de identidade como reflexo do noso dereito á identidade e á cidadanía.
- Empatizar coa situación doutros nenos e nenas e imaxinar que podemos ter en común con eles.
- Comprometernos cos dereitos da infancia en todo o mundo e participar como cidadáns a través dunha petición.


MATERIAIS NECESARIOS

- Unha folla de pasaporte por persoa. O pasaporte pode descargarse e personalizarse en unicef.es/educa
- Material para escribir e pintar.
- Foto de carné de cada participante (opcional, pode substituírse por un autorretrato)
- Fotos de lugares de viaxe, persoais ou recortadas de revistas, billetes de transporte, entradas a museos, tickets...
- Pegamento de barra, grampadora e papel de cores ou washi tape para encadernar o pasaporte.

MATERIAL DE APOIO

- Guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre os dereitos dos nenos e nenas migrantes e refuxiados, dispoñible en unicef.es/educa

O pasaporte é un documento de identidade que nos permite viaxar máis aló das fronteiras dos países. Ter un pasaporte dun lugar ou outro afecta as nosas opcións reais de movernos polo mundo e a perda, retirada ou denegación do pasaporte ou do visado pode expor nos a moitos problemas cando viaxamos. O pasaporte é un reflexo do noso dereito á identidade, do noso dereito a unha nacionalidade, da nosa cidadanía e da posibilidade que todas as persoas temos de viaxar, desenvolvernos e buscar novas oportunidades.



Creamos o pasaporte. Entre todos crearemos un pasaporte moi especial no que o importante non son os países visitados, senón as persoas que acollemos nel:

1 O PDF coas follas do pasaporte pode descargarse en unicef.es/educa e imprimirse polas dúas caras en A3 ou A4, para obter un pasaporte de tamaño A4 ou cuartilla, respectivamente (as follas irán dobradas sobre si mesmas).



2 Resérvanse as dúas primeiras follas, impresas polas dúas caras, que servirán para encadernar as páxinas que fagamos entre todos. A que corresponde á cuberta pode imprimirse en cartolina se queremos un pasaporte máis consistente.



3 O PDF terá unha folla individual por participante. Cada participante recibe unha, na que se identifica e expón os seus gustos, as súas preferencias de viaxe e os seus desexos para a humanidade. A folla ten outro espazo que hai que encher poñéndonos no lugar dun neno ou nena ao que acollemos simbolicamente. Pola parte de atrás pódense facer debuxos, pegar fotos de viaxe, billetes de transporte, tickets e escribir mensaxes de benvida e sobre viaxes. Para nenos e nenas moi pequenos pode adaptarse o proceso, axudándolles a encher o pasaporte ou incluíndo só debuxos.



4 As follas préganse sobre si mesmas, contraponendo as páxinas "Son" e "Acollo" no interior. Cando están todas, colócanse unhas sobre outras e cóbreanse coas follas que reservamos, deixando no exterior a que corresponde á cuberta, grampándose todo por onde se dobrou. Para ocultar as grampas e adornar o pasaporte podemos pegar unha tira de papel de cor ou un anaco de *washi tape*.



5 No interior da cuberta dianteira poñemos as nosas firmas e no interior da cuberta traseira podemos poñer unha foto de grupo, un debuxo ou mensaxes de bos desexos.



Xa temos o noso pasaporte de acollida! Podemos expoñelo nun lugar ben visible da aula para que non se nos esqueza o noso compromiso de defensa dos dereitos da infancia en todo o mundo.

CELEBRACIÓN DO DÍA DA INFANCIA



Con motivo do día da infancia podemos facer un pequeno acto público, na escola ou en colaboración co municipio, no que podemos convidar a outras clases do noso centro educativo ou ás nosas familias e amigos. Nesta celebración leremos o manifesto que inclúe o pasaporte, engadindo mensaxes de acollida, desexos dun mundo mellor ou compromisos persoais. Podemos facer chegar

unha copia do noso pasaporte ás autoridades locais para que nos apoiem no noso compromiso de acollida. Feliz día da infancia!



Se tedes imaxes desta actividade, podedes publicalas en www.unicef.es/educa, para compartir a vosa experiencia con outros centros educativos que participan con UNICEF.



© UNICEF/UN05568/Georgiev



Edición:

UNICEF Comité Español

www.unicef.es/educa

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enrédate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



cooperación
española

Esta publicación forma parte dun proxecto financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional, excepto nos contidos con noutro tipo de licenza definido.